



# Entroido Sanxenxo 2021

## Concurso de CONFIPARODIAS FEITO NA CASA

### BASES

Con motivo da celebración do **Entroido 2021** o Concello de Sanxenxo convoca o concurso de Confiparodias Feito na Casa, parodias en formato vídeo en función das seguintes bases:

1. Os **obxectivos** principais desta convocatoria son estimular á poboación na creatividade e promoción do Entroido, así como a dinamización do comercio e restauración.

2. O período de **inscrición** e de envío de vídeos ábrese o día 8 de febreiro ás 09,00 h e rematará o día 17 de febreiro ás 08,00 h. Deberá cumprimentarse o formulario de inscrición debidamente. A inscrición de participantes menores de idade deberá facela e estar asinada polo seu pai/nai/ titor/a.

3. Establécense dúas **categorías de participación**:

- **Infantil**: Todos/as participantes nados a partir do 1 de xaneiro de 2009, con dúas modalidades:

Vídeos individuais ou parella.

Vídeos de tres ou máis persoas.

- **Adultos e mixto**: participantes de 13 anos en diante (nados antes do 1 de xaneiro de 2009), ou grupos nos que haxa polo menos un participante que cumpra requisito de adulto.

Vídeos individuais ou parella.

Vídeos de tres ou máis persoas.

5. Concederanse 20 **premios** aos mellores vídeos por valor de 2.100 € en total:

### CATEGORÍA INFANTIL

Modalidade individual ou Parella:

**Único Premio Xurado de 100 €.**

**3 Premios máis "Me gusta" de 50 €.**

Modalidade 3 ou máis persoas:

**Único Premio Xurado de 150 €.**

**3 premios máis "Me gusta" de 100 €.**

### CATEGORÍA ADULTO E MIXTO

Modalidade individual ou Parella:


**Único Premio Xurado de 150 €.**

**5 premios máis "Me gusta" de 75 €.**

Modalidade 3 ou máis persoas:

**Único Premio Xurado de 250 €.**

**5 premios máis "Me gusta" de 125 €.**

Determinase que os gañadores de cada categoría e modalidade serán os que acaden un maior número de **"Me gusta"** no seu vídeo, considerando "Me gusta"  como o único voto válido á hora de contabilizar resultados. O recuento efectuarase unha vez se peche o tempo de votación que será dende o xoves 18 ás 09,00 h ata o día 21 ás 12,00 h. Ademais, un xurado designado pola organización, outorgará un premio especial en cada modalidade que se denomina **"Único Premio Xurado"**.

Este xurado aplicará os seguintes criterios de valoración: creatividade, orixinalidade e posta en escena.

Os premios daranse a coñecer o día 21 de febreiro a partir das 12,00 h nas redes sociais oficiais do Concello de Sanxenxo e nos medios de comunicación.

Os premios consisten en vales de compra nos establecementos comerciais e de restauración do Concello de Sanxenxo que aparecen no listado anexo contando coa implicación de CCU Entretendas, Asoc. Rúa dos Viños de Portonovo, Asoc. O Can de San Roque e Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo. O gasto mínimo a facer en cada establecemento será de 25 €. Os vales de compra utilizaranse antes do 30 de xuño (no caso de que a situación epidemiolóxica ou calquera outra causa o impida, comunicarse nova data). Os premios non poderán trocarse polo seu importe en metálico.

A organización resérvase o dereito de declarar como "deserta" algunha das categorías ou de modificar o número de premios se non se acadan un mínimo de 10 participantes en cada categoría.

### 6. Normas de participación:

6.1. As persoas participantes soamente poderán presentar un único vídeo por cada modalidade e categoría. No caso de presentar máis dun vídeo considerárase válido soamente o primeiro.

6.2. Os vídeos serán remitidos ao correo electrónico do departamento de Cultura [culturaterra@sanxenxo.org](mailto:culturaterra@sanxenxo.org) dentro do prazo establecido no apartado 2 das bases.

6.3. Os vídeos irán acompañados da folla de inscrición cuberta cos datos que se solicitan.

6.4. O formato dos vídeos será "Mov" ou "MP4" e duración máxima de 60 seg.

6.5. Os vídeos serán de temática libre parodiando calquera situación ou tema en tónica de humor. Poderase empregar todo tipo de aderezo e caracterización. Quedarán prohibidos e serán vetados aqueles que a organización considere que conteñen temática ou linguaxe inadecuado, ou que incorran de maneira manifesta ou encuberta en calquera acto reprochable ou denunciante.

6.6. Todos os vídeos se expoñerán na páxina oficial do Facebook do Concello de Sanxenxo, onde os internautas poderán votar por aqueles que máis lles gusten dende as súas contas persoais. As votacións levaranse a cabo entre os días 18 a partir das 12,00 h e o 21 de febreiro ás 12,00 h.

6.7. Os participantes deberán ter en conta as restricións establecidas para o control sanitario con motivo da COVID 19, principalmente no que se refire ás limitacións de reunións.

7. **Exhibición dos vídeos.** A organización reservase o dereito de exhibir os vídeos gañadores nos lugares e datas que estime oportuno.

8. **Lei de protección de datos.** O tratamento dos datos persoais facilitados teñen como única finalidade a xestión da participación neste concurso en virtude da normativa que lle é de aplicación. Poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición o seu tratamento no correo electrónico [culturaterra@sanxenxo.org](mailto:culturaterra@sanxenxo.org). O dereito a presentar reclamación poderá exercerse ante a *Agencia española de Protección de Datos*. *Normativa aplicable: Ley Organica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.*

9. **Aceptación das bases.** A participación no concurso supón a aceptación íntegra das Bases, a expresa renuncia dos participantes e os seus representantes legais a realizar impugnación algunha sobre as mesmas e ao exercicio de calquera outra acción administrativa ou xudicial que puidera corresponderlles.

Para o non establecido nas Bases estará a decisión da organización. O Concello de Sanxenxo non se fai responsable do incumprimento das restricións con motivo da pandemia da COVID19.

Os participantes, así como os seus representantes legais eximen expresamente á Organización de responsabilidades derivadas do mal funcionamento da rede de internet, dos servidores e de cantos axentes participen na difusión dos vídeos na rede, non tendo nada que reclamar contra ningún dos entes antes reseñados.

Máis información en **Concellería de Educación e Cultura, telf: 986 727 936 ou e-mail: [culturaterra@sanxenxo.org](mailto:culturaterra@sanxenxo.org)**